# LA VOZ DE LA ESCUELA

LA VOZ DE GALICIA
MIÉRCOLES, 4 de MARZO del 2026
N.º 1.425


*Fóra estereotipos da FP galega*
**Crece a presenza feminina en ciclos de tradición masculina**
páxinas 6-7

*Claves visuales de la Capilla Sixtina*
**Te explicamos la maravilla que pintó Miguel Ángel**
página 10

*Tres eclipses totales en España*
**En el siglo XX se vivió un fenómeno extraordinario**
páginas 4-5





María Porto, presidenta da agrupación de marisqueo de a pé de Carril, na ría de Arousa. Foto: Elena Fernández

*CRISE NO MAR*

# Alerta polo marisco morto

*Os mariscadores confirman que a redución da salinidade da auga do mar provoca a falta de ameixa, mexillón e navalla*

**L. CANCELA**

Galicia viviu un tren de borrascas practicamente continuo durante máis de tres meses, con chuvias intensas e temporais que deixaron un inverno sen apenas tregua. Máis aló dos días grises e do aburrimento de non ver o sol, esta situación atmosférica tivo un impacto directo na economía galega. O marisco que se recolle nas rías, como son a ameixa, o berberecho ou a navalla, pero tamén os mexillóns, está a morrer en cantidades históricas, ata niveis que non se vían desde hai décadas, cando se afundiu o Prestige.

**Que está a pasar?**
Unha mortaldade masiva nos bancos marisqueiros. Os traballadores atópanse con miles de exemplares mortos onde antes había produto listo para apañar. Nalgunhas zonas, a maioría do marisco desapareceu.

**Cales son as cifras?**
Nalgunhas rías rexistráronse perdas de ata o 80 ou o 90 % en determinadas especies. Iso implica que apenas queda marisco vivo para apañar, o que deixa moitas confrarías sen apenas produción e sen ingresos.

**Desde cando non sucedía algo así?**
O sector di que non se lembra dunha mortaldade destas dimensións desde a crise do Prestige, hai máis de vinte anos. Desde entón houbo episodios complicados, pero o deste ano había tempo que non se vía.

**Que pasou co Prestige?**
O Prestige foi un petroleiro que se afundiu fronte á costa galega en novembro do 2002, provocando unha vertedura masiva de fuel. A contaminación afectou gravemente as rías, obrigou a pechar a actividade pesqueira e marisqueira durante meses e causou perdas económicas millonarias. Aquela foi unha crise por contaminación, a actual é distinta na súa orixe, pero comparable nas consecuencias para o sector.

**Por que ocorre o de agora?**
A clave está nas condicións da auga. As rías galegas funcionan como grandes estuarios onde se mesturan a auga salgada do mar e a doce dos ríos. Ese equilibrio é fundamental. Cando chove de forma normal, a mestura mantense estable. Pero despois de meses de precipitacións intensas e continuas, a cantidade de auga doce que entra nas rías é tan grande que, por así dicilo, dilúe a auga do mar. Iso provoca unha caída brusca da salinidade. Se a salinidade baixa demasiado e durante demasiado tempo, algunhas especies non poden adaptarse e acaban morrendo. A isto súmase o efecto directo dos temporais. O mal estado do mar mantivo moitas embarcacións amarradas en porto durante semanas. O impacto é dobre: menos marisco vivo e menos días de actividade para xerar ingresos.

**Como repercute isto?**
É toda unha cadea. Ao non poder recoller marisco nin pescar, as confrarías ven caer a súa facturación, as lonxas ofrecen menos pescado e marisco, os transportistas moven menos mercadoría e os restaurantes teñen máis dificultades para conseguir produto local. Os consumidores como nós vemos que hai menos marisco nas tendas e que este, ademais, é moito máis caro.

ACTIVIDADE BÁSICA

**A TÚA ZONA**

**En Galicia existen diferentes zonas para capturar marisco. Na clase, por grupos e cun mapa da comunidade, tratade de situar a que estea máis preto de vós. Cal é? Que marisco hai nela?**
**--------------------**
**As actividades están deseñadas por L. Cancela**

*ANTECEDENTES*

## A última gran crise para os mariscadores foi a do 2023

Galicia volve vivir unha crise histórica no marisqueo, pero non é algo que xurdise da nada: o sector xa levaba anos encadeando problemas, e un dos momentos máis complicados foi a situación que atravesou no 2023. Por aquel entón, a temperatura da auga do mar no verán estivera máis quente que nunca. Despois, en outubro e en novembro, acumuláronse moitas precipitacións.

Todo isto, ao igual que sucede este ano, fixo que a materia prima morrese. De feito, o problema foi tan grande que se solicitou que certas rías fosen consideradas zona catastrófica para poder recibir axudas, porque as perdas económicas foron enormes para moitas familias que viven deste traballo. Se vos ocorren outros exemplos de traballos que poidan depender igual da natureza?

*LÍMITES*

## As vedas son un bo xeito de protexer as especies

Ao final temos que entender que os recursos do mar son limitados. Non hai un número infinito de ameixas ou de mexillóns. Isto é algo que o sector sabe ben. Por iso, independentemente das crises que o sector vive, a actividade pesqueira en Galicia está limitada polos períodos de veda obrigatorios, que establece a Consellería do Mar co obxectivo de asegurar a supervivencia de certas especies.

Isto que significa? Pois que cada ano hai un tempo durante o cal non se pode capturar algún marisco ou algunhas especies de peixe. Ademais, a Xunta establece que haxa cotas por embarcación e mariñeiro, é dicir, un límite de capturas, e obriga a que se descarten as especies que non teñan un talle mínimo. Cada especie ten a súa veda e, por exemplo, é posible que a lagosta poida capturarse antes cá centola, de xeito que unha poida mercarse no Nadal e a outra non.

MEMORIA

# Como cambiou a nosa contorna?

*O avance das cidades, as actividades humanas, a explotación dun lugar ou a propia natureza actúan no espazo e modifican a súa forma ata facela irreconñecible*

L. CANCELA

Este inverno, Galicia está a ver como despois das tormentas, as súas rías quedan sen marisco. O que parece un problema local e temporal en realidade dános unha lección máis grande: os recursos que temos na natureza non son infinitos. Aínda que o marisqueo e a pesca na nosa comunidade están moi controlados e regulados para evitar a explotación excesiva, noutros casos, usar demasiado ou de xeito descoidado os recursos naturais pode facer que desaparezan. Por exemplo, pescar máis peixes dos que poden nacer, talar bosques sen repoñer árbores ou extraer auga de ríos e acuíferos sen coidado pode provocar que os ecosistemas cambien para sempre. O que hoxe temos na nosa cidade, a nosa vila ou as nosas rías poda que non estea aí dentro de cincuenta anos se seguimos sen pensar nos límites da natureza.

E non se trata só dos recursos: os oficios que dependen deles tamén poden desaparecer ou cambiar. Os mariscadores, pescadores ou agricultores poden ver como os seus traballos tradicionais se transforman ou mesmo deixan de existir se os recursos dos que viven se esgotan.

Ademais, a acción humana non só pode esgotar recursos, senón que transforma os espazos. As cidades crecen, os campos énchense de estradas e os ríos canalízanse. Aínda que moitas veces estes cambios nos facilitan a vida, tamén alteran a forma en que funcionan os ecosistemas

Os animais que antes vivían neses espazos poden ver alterada a súa orde. De feito, temos un exemplo que vemos con moita frecuencia. Galicia é unha das áreas con maior densidade de xabarís de Europa. En concreto, hai uns 82.000 exemplares nela. Esta especie aumentou a súa presenza tanto nas estradas como en ámbitos urbanos. E isto débese, entre outras razóns, a que as cidades creceron e roubáronlle espazo ao seu hábitat natural. Podemos ver outros casos, como os das construcións de portos ou paseos marítimos no que antes era unha praia. Temos o exemplo que vemos nas imaxes. No canto de onde no século pasado había unha praia, hoxe hai formigón e instalacións deportivas. Credes que a natureza pode tomar de volta o que se lle quitou?

A boa nova é que tamén existen exemplos do caso contrario. No parque nacional das Illas Atlánticas limítase o acceso e protéxense hábitats sensibles. No parque natural de Corrubedo (en Ribeira, na provincia da Coruña), onde durante anos o paso constante de persoas foi deteriorando o sistema de dunas, instaláronse pasarelas de madeira elevadas para que os visitantes poidan achegarse á zona sen pisar directamente a area, pecháronse accesos improvisados que atravesaban as dunas e colocáronse carteis explicativos que contan por que non se debe saír dos camiños sinalizados. Ademais, reforzouse a vexetación autóctona, plantando especies que axudan a fixar a area e a reconstruír o equilibrio natural do sistema.

Desta maneira, a duna volve actuar como barreira fronte ao vento e os temporais que veñen do mar, protexe o interior e recupera a súa primordial función ecolóxica.



O centro da Coruña tiña unha praia en 1964. Foto: A. M. V.



Desde a mesma perspectiva, coa praia desaparecida. Foto: Eduardo Pérez

### ACTIVIDADE MEDIA

### ISTO ANTES NON ERA ASÍ

**O exemplo da Coruña que vemos nas fotografías é un de moitos. Seguro que na vosa cidade, vila ou pobo hai casos similares, nos que as accións humanas mudaron os espazos. Sabes dalgún? Podedes preguntar na casa.**

## ENTENDER

## *O cambio climático pode mudar os oficios?*

**■ Cres que algúns traballos dos que vemos hoxe serán diferentes dentro de trinta ou cincuenta anos? É algo que pode pasar. O cambio climático non só está derretendo glaciares ou facendo que suba a temperatura: tamén está a transformar os oficios.**

**■ Como vimos, en Galicia, por exemplo, o marisqueo depende de algo moi concreto: o equilibrio entre auga doce e salgada nas rías. Se chove demasiado en pouco tempo ou aumentan as temperaturas da auga, o marisco pode morrer ou a súa cantidade reducirse drasticamente. Iso significa menos ingresos para as familias que viven del. Se aumentan as temperaturas e cambian as choivas, algúns cultivos deixan de ser viables.**

**■ Iso implica aprender novas técnicas, investir en tecnoloxía ou facer fronte a retos que antes non existían, como a existencia de pragas concretas que aumentan coa calor. Ocórrensevos exemplos de como se están a adaptar os oficios?**

## PROFUNDAR

## *Gandería, marisqueo ou agricultura son algúns dos sectores sen suficiente relevo xeracional*

**■ Imaxina que unha comunidade depende de persoas que teñen os seus traballos desde hai moitos anos, pero cada vez son máis maiores e hai poucos mozos que queiran ou poidan tomar a substitución. Iso é, en esencia, o que significa o relevo xeracional: que as xeracións máis novas ocupen os postos de traballo, herden as tarefas e manteñan viva unha actividade económica e social.**

**■ No sector primario —o conxunto de actividades que obteñen recursos directamente da natureza, como a agricultura, a gandería, a pesca ou o marisqueo— esta cuestión é especialmente visible. Estes oficios adoitan requirir moito esforzo físico, coñecemento da contorna, investimento en maquinaria ou acceso á terra ou á auga, e moitos mozos non ven estas profesións como opcións atractivas ou rendibles para o seu futuro**

**■ En Galicia, onde o sector primario foi clave durante décadas, o problema da substitución xeracional é evidente. Na gandería, especialmente no sector lácteo, pecharon moitas explotacións, aínda que a produción se mantén grazas a granxas máis grandes e tecnificadas. Isto significa que hai menos gandeiros e menos familias vivindo no medio rural.**

**■ Isto non se debe só a que estas profesións sexan duras, senón tamén a que os mozos cada vez están máis preparados, e polo tanto dedícanse a traballos máis cualificados. E ademais cada vez hai menos novos. A nosa pirámide demográfica é invertida.**

### A. AVANZADA

### UNHA PIRÁMIDE INVERTIDA

**Investiga en que consiste unha pirámide de poboación invertida. Pensa que sucederá e en Galicia no futuro: que pasará cos colexios se hai menos nenos?, faltará man de obra?, aumentarían os impostos polas pensións?**

## ASÍ LO CONTÓ LA VOZ

# Las misiones de la URSS al planeta Venus

*Las grandes dificultades del Programa Venera se vieron recompensadas por los avances científicos*

**CARLOS OCAMPO**

Venus está a unos 40 millones de kilómetros de la Tierra. Para hacernos una idea, la Luna está a 340.000 kilómetros. De la atmósfera del planeta dedicado a la diosa romana del amor dice la NASA que está «llena de dióxido de carbono, que provoca el efecto invernadero, y de nubes compuestas de ácido sulfúrico», lo que la hace venenosa. Y que hace tanto calor que «metales como el plomo serían charcos de metal fundido».

Por eso, mientras que en Marte se posaron varias misiones que llevaron róvers como Opportunity o Perseverance, gracias a los cuales dice la NASA que se pueden «ver canales que parecen tallados por ríos y arroyos hace mucho mucho tiempo», y hay quien sueña con instalar colonias humanas en este planeta «helado» que tiene «volcanes, barrancos y llanuras» y está «cubierto de polvo rojizo», lo de sacar a pasear un róver por Venus está más complicado.

La desaparecida Unión Soviética fue la potencia mundial que más lo intentó, sin embargo. El Programa Venera (nombre en ruso del planeta) envió varias sondas entre 1961 y 1984. La primera, en febrero de 1961, hace 65 años.



La primera imagen del planeta Venus, tomada por la Venera 9 en 1975. Foto: Ted Stryk. Planetary.org

«La Unión Soviética ha lanzado un proyectil para ser utilizado como estación planetaria en dirección a Venus. La Agencia Tass afirma que el proyectil alcanzará la región de Venus en la segunda mitad del mes de mayo. La estación interplanetaria tiene un peso total de 643,5 kilos», contaba La Voz el Día de los Enamorados de 1961. «El principal objetivo consiste en estudiar los métodos de colocar un objeto espacial en una trayectoria, e investigar las comunicaciones de radio a grandes distancias, así como el sistema de dirección de las estaciones espaciales. Se persigue también precisar con la mayor exactitud las dimensiones del sistema solar», continuaba. Las incógnitas eran muchas: «Los científicos soviéticos ignoran aún si [la sonda] se posará en el planeta o entrará en órbita alrededor de él», lo cual dependía de la trayectoria que siguiera a partir de que fuera disparado el cohete.

Del final de Venera 1 no hubo noticias —era muy habitual que la URSS simplemente se quedara en silencio cuando las cosas le salían mal—, aunque su viaje dio algunos resultados importantes. Por ejemplo, se sacaron enseñanzas sobre las trayectorias: «La Tierra y Venus giran continuamente alrededor del Sol en órbitas elípticas. Cuando los rusos lanzaron su nave espacial, calcularon la trayectoria en función de la posición que tendría Venus a fines de mayo. Después del lanzamiento la velocidad de la nave se redujo. Pero su actual dirección la llevará más cerca de Venus que en el recorrido calculado previamente porque el citado planeta estará más próximo a la Tierra cuando se produzca la reunión».

También se desveló que «Venus gira sobre sí mismo en diez días terrestres», lo que descubrieron los soviéticos «enviando ondas-radar sobre el planeta» (23/5/1961). Fue importante, porque hasta entonces «no se podía afirmar nada sobre la rotación de este planeta en virtud de las nubes que lo envolvían. Ciertos sabios creían que Venus presentaba siempre la misma cara al Sol». Y también calcularon los rusos «la distancia media Tierra-Sol: 149.457.000 [kilómetros]».

**La idea de habitarlo**

Otras conclusiones parecen menos respaldadas por la ciencia, como la del americano Carl Sagan, que consideraba posible hacer habitable Venus cambiando la composición de su atmósfera. Según él, «algunos microorganismos, como ciertas algas, podrían subsistir» en Venus. Enviadas desde la Tierra, «se desarrollarían en las capas superiores de la atmósfera. Allí absorberían el ácido carbónico y el vapor de agua y expelerían oxigeno». Así descendería en poco tiempo la temperatura del planeta y se modificaría su atmósfera (13/4/1961).

Después de varias misiones que acabaron en fracaso, el Venera 9 «fue colocado con éxito en órbita alrededor del planeta y su módulo de descenso aterrizó a las 8.13, hora de Moscú» el 22 de octubre de 1975. La misión logró enviar «una imagen única de la superficie del planeta» (La Voz, 23/10/1975).

### ACTIVIDADES

- **Los 40 millones de kilómetros que separan Venus de la Tierra son una distancia promedio. Averigua qué significa este concepto.**
- **Cuántas horas dura el día en Venus.**
- **Los planetas tienen nombres de dioses latinos. Así como Venus era la diosa del amor, averigua qué representaban los dioses Marte, Tierra (o Tella) y los demás. Investiga también a qué deidades griegas correspondían.**
- **Busca en la web de la NASA los logros de Opportunity y Perseverance en sus misiones en Marte.**

## ENREDEIRADAS

# «Los domingos» en las mejores familias

*La película que triunfó en los Goya sirve el debate a la mesa. ¿Cuál es el tema principal?, ¿quién juzga?*

**ANA ABELENDA**

«¡Cuándo será domingo para ir a misa!», solía decir cuando se veía pillada una de mis compañeras de piso a los 19 años. Que yo sepa, mi amiga era más bien atea y solo entraba en las iglesias para ver su arquitectura. Es otro tipo de fe, y un don el gusto divino.

La película *Los domingos* tiene ese estilo propio, rotundo en la duda y la sospecha, al que nos acostumbró la directora Alauda Ruiz de Azúa con una película y una serie, cantando en otro tono los *Cinco lobitos*, sacando la infelicidad de las parejas detrás de la escoba, y llevándonos a pensar que *Querer* puede ser una forma de tortura en serie, socialmente aceptada y celebrada. Un rito.

*Los domingos*. Debate de cine a la mesa. Pregunta: ¿de qué va la película? Si respondemos ya,



Fotograma de «Los domingos», elegida mejor película en los Goya.

podríamos decir que de la *loca* idea de una adolescente de hacerse monja. Poniendo ojo avizor en los mayores pensaremos que va de otra cosa. De la rigidez de las ideas, de las costuras de una época y un estatus, de una imagen de la libertad algo resesa, de la manipulación feroz que es la sobreprotección de la infancia. De los niños se habla mucho, pero a los niños no se les pregunta nada... Ni se les ve, ni se les escucha, te hace pensar Alauda Ruiz de Azúa. Nuestros ojos pueden ser los del estupor adulto, esos que miran sin ver más allá, los de esos personajes tipo, normales y siniestros que son la familia de Ainara.

Del miedo que dan las familias, las *mejores familias*. Del narcisismo de los adultos. De la soledad de una adolescente a la que dan la espalda en casa, cada adulto con su tema. De eso habla *Los domingos*. Del credo de la familia.

Todos se equivocan con Ainara, que podría buscar la verdad del amor tanto en la discoteca como en el convento. ¿Consigue Alauda que veamos la realidad desde sus ojos en algún momento?

### Soluciones

**Punto de vista:** 2
**Cuenta cubos:** 20

**En busca del clon**
Rta= 9 (1=8, 2=7, 3=4, 5=10=12, 6=11)

**Conecta**



**Reinas**






**Flor de palabras**
CL

**Roscas heredadas**
1: GENUINOS
2: ALUMINIO
3: DERRAMES
4: ARMADURA

**Faltan 161 días** ECLIPSE TOTAL DE SOL EN GALICIA

# El trío de eclipses que nos revoluc

*Que tres oscurecimientos se puedan ver en pocos años desde un mismo país es algo extraordinario. Como hace cien años, volverá a ocurrir en la península ibérica en el 2026, el 2027 y el 2028*

MARCOS P. MALDONADO
TEXTO
B. ARAÚJO Y L. PLACER
EDICIÓN

Nosotros lo tenemos claro. El eclipse total de Sol que se verá desde Galicia el próximo 12 de agosto es el evento astronómico, científico y social de la década. Por eso, en esta serie de reportajes de La Voz de la Escuela la intentamos trasladarte la importancia de un fenómeno como este y lo afortunados que somos los gallegos de que una cita de este calibre se pueda ver prácticamente desde las puertas de nuestras casas.

Pero, como seguro que habrás oído, el eclipse de este 2026 no viene solo. Lo seguirán otros dos eclipses totales, uno en el 2027 y otro en el 2028, que se podrán ver desde distintos puntos de la Península. El del año que viene recorrerá la zona sur de Andalucía y se verá especialmente bien desde las ciudades autónomas de Ceuta y Melilla. El del 2028 será visible desde un territorio más amplio porque atravesará España en diagonal desde Huelva hasta Valencia, pero sucederá el 26 enero (es decir, en invierno), así que la visibilidad será, previsiblemente, más reducida que en los otros dos.

Estos tres eclipses del 2026, el 2027 y el 2028 convertirán a nuestro país en un foco de atracción para los aficionados a este tipo de fenómenos que acuden a las ciudades desde donde la totalidad del fenómeno es del 100 % para poder vivir la experiencia completa.

*Entre 1900 y 1912 también hubo tres eclipses en nuestro país*

Que se puedan ver tres eclipses en un período de apenas unos años es algo extraordinario que pocos países tienen la suerte de disfrutar. Pero, a decir verdad, no es la primera vez que algo así sucede en España. Hace algo más de un siglo nuestro país ya vivió una experiencia similar por la concurrencia de varios fenómenos como este en pocos años. En concreto, fue entre 1900 y 1912 cuando se sucedieron tres eclipses de enorme relevancia. A continuación te contamos la historia, la importancia y algunas anécdotas de cada uno de ellos.

## 28 de mayo de 1900

Este eclipse comenzó a verse en Estados Unidos y después de cruzar el Atlántico recorrió la península ibérica en una franja que iba desde el sur de Oporto hasta Alicante, con una duración que en ningún caso superó el minuto y medio. En Galicia, por tanto, se vio como un eclipse parcial, es decir, que la Luna no llegó a cubrir por completo el Sol.

*En tres años se verán tres eclipses totales desde la Península*

A finales del siglo XIX los eclipses totales ya se habían convertido en un fenómeno científico y social que convocaban a decenas de astrónomos y a miles de curiosos que se desplazaron hacia la zona de totalidad. Solo a Navalmoral de la Mata (Cáceres) llegaron ese mismo día más de 4.000 viajeros procedentes de Madrid a bordo de trenes especialmente fletados para la ocasión.

A España se desplazaron, entre otros, los astrónomos Norman Lockyer (coautor del descubrimiento de un nuevo elemento químico en el Sol, bautizado con el nombre de helio) y Camille Flammarion, sin duda el astrónomo más popular del momento, cuya obra de divulgación se había editado también en castellano. Como anécdota, las únicas astrónomas profesionales de cuya visita tenemos constancia fueron las británicas Jessie McRae y Lady McClure.

De esta ocasión nos ha quedado también la primera grabación cinematográfica de un eclipse, registrada por el mago británico y pionero del cine Nevil Maskelyne a su paso por Estados Unidos. Es un vídeo de poco más de un minuto en el que se aprecia perfectamente (pese a la calidad de imagen de la época) cómo, cuando el Sol y la Luna se alinean, se crea un anillo de luz perfecto en torno al satélite.

## 30 de agosto de 1905

A finales del verano de 1905 un nuevo eclipse volvió a cruzar España, en este caso con una trayectoria muy parecida a la del que tendremos en el 2026, aunque un poco desplazada hacia el norte. Las ciudades de A Coruña y Lugo quedaron dentro de la franja de totalidad y pudieron disfrutar de más de un minuto de ocultación del Sol.

En otros lugares la duración de la totalidad casi alcanzó los cuatro minutos, lo que lo convirtió en un eclipse espectacular. Al día siguiente, la crónica de La Voz de Galicia dejaba constancia de que en la ciudad herculina los aficionados que se habían desplazado para verlo habían celebrado la fase de totalidad con aplausos. Además, se relataba que búhos y otras aves revolotearon en el instante en que el cielo se oscureció por completo.

Tras su paso por Galicia, la sombra de la Luna se desplazó a gran velocidad en dirección al este, cruzando buena parte de la península ibérica. A su recorrido se habían acercado numerosos curiosos y no pocas expediciones científicas procedentes de Europa y de América. Un buen número de estos expertos se congregaron en Burgos, donde, además, se hizo la primera observación de un eclipse desde globos aerostáticos. Fueron nada menos que seis aeronautas a bordo de tres globos, bautizados Júpiter, Marte y Urano, los que se elevaron a unos cuatro kilómetros de altura para estudiar el fenómeno desde el aire. El evento quedó retratado en una fotografía que puedes ver en el cuadro morado de estas páginas.



Familias y vecinos de Viveiro reunidos en la plaza de Pastor Díaz el 17 de abril d



Observación del eclipse de 1905 en globo. Foto: Archivo Municipal de Burgos

Lo cierto es que los globos aerostáticos y los eclipses ya habían aparecido juntos en los titulares de la prensa internacional con anterioridad. Fue en 1870, cuando el astrónomo francés Jules Janssen se encontraba atrapado en París porque las tropas alemanas estaban rodeando la ciudad durante la guerra entre Francia y Prusia. Janssen logró burlar el asedio alemán a bordo de un aerostato. Su objetivo podría haber sido escapar de la hambruna y los bombardeos que estaba sufriendo en la ciudad. Pero no. Lo que quería era, precisamente, poder observar el eclipse total que iba a poder contemplarse a los pocos días en Argelia (norte de África). Lamentablemente, Jenssen se encontró con que el día del fenómeno el cielo estaba encapotado y no disponía de otro globo con el que poder elevarse sobre las nubes.

## 17 de abril de 1912

En 1912 tuvo lugar el tercero de los eclipses visibles desde España en pocos años. En esta ocasión fue un eclipse de tipo híbrido, que se ve como anular durante casi todo su recorrido, pero en la parte central se aprecia como total. Los eclipses híbridos se producen cuando las distancias relativas entre la Lu-

# ionó hace un siglo

*En 1912 hubo un eclipse híbrido, algo que solo sucede cada dos siglos*

*El astrónomo catalán Josep Comas visitó Galicia para estudiar el eclipse total*

## ARCHIVO FOTOGRÁFICO



de 1912. Foto: Archivo Carlos Nuevo

Crónica del eclipse del 17 de abril de 1912



El eclipse de ayer.

Conforme lo anunciado por la ciencia astronómica, ayer se ha verificado el eclipse de Sol con la exactitud matemática predicha por los sabios.

Cuando el eclipse estaba en su fase máxima, se notó baja en la temperatura, y se mostraron visibles á nuestros ojos los planetas Venus y Mercurio.

Gran parte del público en calles y balcones, vió las diversas fases del eclipse con cristales ahumados.

En algunas ventanas y terrazas era observado el eclipse por medio de pequeños telescopios.

El fenómeno despertó la natural curiosidad.



Astrónomos y aficionados observando en Vigo el eclipse de 1912.

### GRANDES ACONTECIMIENTOS

**Te puede parecer que la sociedad de hace 100 años y la de ahora no se parecen en nada. Y es cierto que hemos cambiado mucho. Pero si hay algo que nos sigue uniendo a nuestros antepasados es la fascinación que nos provoca el cruce del Sol y la Luna en el firmamento. A principios del siglo XX ya era habitual que, como ahora, los eclipses se convirtiesen en acontecimientos no solo científicos, sino también sociales.**



Josep Comas Solá fue una de las figuras más relevantes de la astronomía española del siglo XX. Acudió a Galicia para observar un eclipse.



Peatones viendo el eclipse de 1912 en la avenida de los Cantones (A Coruña).



Fotografías del eclipse de 1912 de J. Sellier. Foto: Bardos Cultural

na, el Sol y la Tierra hacen que el disco lunar aparezca solo un poco más pequeño que el solar. En esas condiciones tenemos un eclipse anular justísimo, pero en el centro de la trayectoria de la sombra el abombamiento de nuestro planeta hace que la superficie terrestre se acerque un poco más a la Luna y que, durante unos segundos, nuestro satélite llegue a cubrir por completo el Sol. Podríamos decir que los eclipses híbridos son una consecuencia de la curvatura de planeta, y por sí mismos bastarían para descartar la posibilidad de una Tierra plana. Son bastante raros, y de media hay uno cada dos siglos.

En este caso, el eclipse comenzó siendo anular en Venezuela, se convirtió en total frente a la costa de Lisboa y se mantuvo así a lo largo de una estrecha franja de apenas un kilómetro de ancho que cruzaba el norte de Portugal, Galicia y Asturias. Luego volvió a convertirse en anular al atravesar Francia, Bélgica, los Países Bajos, Alemania y Rusia.

Este eclipse también fue observado desde el aire por Victor Hess, un físico austríaco que estudiaba el origen de una misteriosa radiación que se podía registrar en cualquier lugar del planeta. Hess había encontrado durante varias ascensiones en globo que la radiación aumentaba con la altura, pero necesitaba repetir sus experimentos durante un eclipse para descartar que tuviera su origen en el Sol. La ocultación de abril de 1912 le proporcionó la oportunidad que necesitaba, y sus resultados demostraron la existencia de lo que hoy conocemos como rayos cósmicos, un fenómeno que procede de fuentes dispersas por todo el firmamento.

De la observación de este eclipse también nos ha quedado uno de los tópicos (memes, que diríamos hoy) que suelen acompañar a estos eventos. En París, un reportero de *Le Figaro* recogió la exclamación de una mujer que comparaba el último destello del borde del Sol con el brillo de un anillo de compromiso. Años después, otro periodista en Nueva York volvió a utilizar esta metáfora, y desde entonces no se describe un eclipse de Sol sin hacer referencia al anillo de diamante que aparecería justo antes o después de la fase de totalidad.

### Las observaciones de Josep Comas Solá

El catalán Josep Comas fue el astrónomo y divulgador más reconocido en España en la primera mitad del siglo XX. Durante el eclipse de 1905 se desplazó desde Barcelona a Castellón para hacer varias observaciones, entre ellas la grabación en película cinematográfica de la fase de totalidad. Varias de las medidas que tomó supusieron un éxito y aportaron conocimiento a la historia de la astronomía. Sin embargo, los 25 metros de película que había preparado para registrar la fase de totalidad no fueron suficientes. Se agotaron justo un minuto antes de que la Luna ocultase por completo al Sol.

Comas comenzó entonces a planear la observación del eclipse de 1912, aunque este resultaba mucho más complejo de contemplar por tratarse de un eclipse híbrido con una duración máxima estimada de tres segundos y visible solo desde una franja estrechísima, de apenas unos cientos de metros. Durante los años previos dedicó innumerables esfuerzos a calcular el lugar y momento más adecuados para la observación. Finalmente, determinó que el mejor punto de España para estudiar el eclipse era O Barco de Valdeorras, en Ourense. Comas presupuestó la expedición en 3.000 pesetas, pero los responsables del observatorio solo le concedieron la mitad. Aun así, el catalán siguió adelante con el plan y viajó a Galicia.

El día del eclipse casi todo salió como se esperaba. Desde «un punto situado en la orilla derecha del Sil, en medio de un paisaje soberbio, limitado al sudeste por los montes Cantábricos, cuyas cimas aparecían cubiertas de níveos mantos», escribió el científico, la totalidad apenas pareció durar un instante.

El propio astrónomo reconoció en su informe posterior que el punto de observación escogido se encontraba un poco al norte del lugar ideal. Hoy sabemos que perdió la oportunidad de observar la totalidad de aquel eclipse por tan solo unos centenares de metros.

FP | A muller nas aulas

## COÑECE A FP

# As mulleres rompen cos estereotipos na formación profesional

*A presenza feminina en ciclos historicamente masculinizados, como moble ou motor, vai crecendo co paso dos anos, aínda que de forma desigual*

LAURA PLACER

Antes de que te adentres nesta reportaxe, gustaríame que fixeras un exercicio de imaxinación. Pecha os ollos e pensa nun taller de coches ou de carpintaría. Visualiza as persoas que están arranxando un motor ou construíndo un moble. Agora contesta con sinceridade: imaxinaches homes ou mulleres traballando? O máis común é que baixo as batas e os monos de traballo pensaras en homes realizando estas tarefas, historicamente relacionadas co xénero masculino. Porén, nos últimos anos, a presenza de mulleres nestes ámbitos é cada vez maior. Ano tras ano máis rapazas apostan por ciclos de Formación Profesional que anteriormente parecían «cousas de homes». Os cambios xa están en marcha nos centros galegos, e veñen para quedar.

### O que din as cifras

As estatísticas de educación falan claro: nunca houbo unha porcentaxe tan alta de mulleres estudando formación profesional en Galicia. No último curso con datos dispoñibles, o 2023-2024, a presenza feminina foi récord tanto nos ciclos medios coma nos superiores. Pero imos afondar nestes datos. Se falamos da FP media, moitas das ramas nas que máis creceu a porcentaxe de mulleres foron técnicas. Deste xeito, as familias de Edificación e Obra Civil e as de Madeira, Moble e Cortiza case duplicaron a ratio en cinco cursos. Nos ciclos superiores a tendencia tamén é cara arriba. Na familia de Agraria, no curso 2018-2019 só un de cada cinco alumnos era muller. No 2023-2024 xa era unha de cada tres.

Este crecemento estase mantendo no tempo, pero aínda así non chega a todas as ramas por igual nin a todos os centros. Así o sinala Beatriz Pérez, profesora no FP de Soldadura no CIFP Politécnico de Santiago. A docente di que neste último curso só ten unha alumna nunha clase de todas nas que dá. Para ela é moi importante rachar cos estereotipos para fomentar a presenza de mulleres nestas ramas de coñecemento. «É certo que, se non estás afeito a ver mulleres traballando nesta profesión, podes pensar que non é algo para ti», reflexiona Beatriz. É por iso considera fundamental «que haxa referentes femininos tanto no profesorado coma nos talleres».

**BEATRIZ PÉREZ**
Profesora de Soldadura no CIFP Politécnico de Santiago

> *«É vital que haxa referentes femininos»*

Ao igual que ela non deixou de perseguir a súa carreira profesional, anima a romper cos prexuízos, porque na súa experiencia como docente ve que «non é certo que ás mulleres se lles dea peor esta profesión».

### A importancia do factor social

A falta de referentes da que fala Beatriz Pérez é un dos motivos que destacan diversas organizacións, como a Unesco, entre as causas da falta de mulleres en profesións historicamente masculinizadas. Este é o caso tamén de sectores como o do automóbil. María Luisa Quintairos, profesora na rama de Transporte e Mantemento de Vehículos no CIFP A Xunqueira, destaca a importancia de ter referentes femininos no sector. «A visibilidade é o factor máis importante, ver que hai mulleres nos talleres, nas aulas, etcétera», apunta. Ela é unha das persoas que se encargan de ensinar o centro nas xornadas de portas abertas para que os alumnos poidan ver que entre coches tamén pode haber mulleres. «Aínda chama a atención, incluso a rapaces de 15 anos, ver unha muller coa roupa corporativa no taller», destaca.

Este ano dá clase a catro rapazas despois de varios cursos nos que a matriculación feminina era case nula. «As alumnas que teño son moi boas academicamente, teñen moitas destrezas e son auténticas líderes entre os compañeiros», sinala.

**M.ª LUISA QUINTAIROS**
Profesora na rama de Transporte e Mantemento de Vehículos no CIFP A Xunqueira

> *«A visibilidade é o factor máis importante»*

Entre estas alumnas está Natalia González, que recoñece que ter unha profesora muller «axuda á hora de ter un referente». Ela é unha apaixonada dos coches, ao igual que a súa familia, e tivo claro que quería darlle unha oportunidade a este ciclo de formación profesional. Aínda que nun primeiro momento sentiu reparo non se botou atrás. «Veste nun mundo que, como quen di, parece de homes e cres que poden pensar algo de ti, pero despois dixen: "Vouno intentar, aínda que sexa a única. Esforzareime e conseguireino"», lembra Natalia.

**NATALIA GONZÁLEZ**
Estudante da rama de Transporte e Mantemento de Vehículos no CIFP A Xunqueira

> *«Hai mulleres porque valemos para isto»*

Unha vez co mono de traballo posto, decatouse de que ninguén a trataba diferente. «Síntome igual que os meus compañeiros homes, e é importante dicir que tamén hai mulleres neste sector porque valemos para isto», conclúe.



A profesora M.ª Luisa Quintairos coas catro alumnas da rama de Mantemento de V



Beatriz Pérez é profesora na rama de Soldadura.

### Fóra estereotipos

